



**CONCELLO  
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2  
15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064  
Fax. 981 405 029  
concello@concellodecarino.com  
www.concellodecarino.gal

## CERTIFICACIÓN

Alejandra Pardo Vázquez, agás erro ou omisión involuntaria,

### **CERTIFICO:**

Que o día 12-03-2018 ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 151/2018 cuxo contido deseguido transcribo:

### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO:** PRAZO MATRICULA PAI

**EXPEDIENTE:**2018/G003/000161

### **ANTECEDENTES:**

O artigo 10 do regulamento de funcionamento e organización do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, publicado no BOP nº 25, de 06/02/2017, que establece: as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) e presentaránse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público, dentro do prazo establecido para tal efecto, que será publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios municipal e no taboleiro de anuncios do PAI.

Considerando que este Concello vai a proceder á apertura do prazo de preinscrición e renovación para o curso escolar 2018-2019 para o Punto de Atención á Infancia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Apertura de prazo dende o 14 de marzo ata o 13 de abril de 2018, ámbolos dous incluídos, para a preinscrición e renovación de matrícula para o curso escolar 2018-2019 para o Punto de Atención á Infancia.

**SEGUNDO:** De conformidade co artigo 11.2 do regulamento, as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) debidamente asinado, acompañado da seguinte documentación:

#### 2.- Documentación Xustificativa da situación familiar:

\*Libro de familia.

\*DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

\*Certificado de empadramento (no caso de non estar censado no Concello e Cariño, pero algún dos proxenitores ou representante legal teñan os seus postos de traballo no municipio, achegarásese certificado de empresa ou da institución correspondente; no caso de estar censado nun concello limítrofe, presentarásese certificado de empadramento en dito concello.

#### 3.- Documentación xustificativa da situación económica:

\*Declaración da renda ou certificado de exención.

\*En caso de desemprego, certificación do Inem, que acredite a situación de desemprego e a percepción ou non de prestación.



**CONCELLO  
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2  
15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064  
Fax. 981 405 029  
concello@concellodecarino.com  
www.concellodecarino.gal

4.- Documentación complementaria:

\*Titulo de familia numerosa, se é o caso

\* Informe de Servizos Sociais, nos supostos nos que sexa necesario, por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que vive a unidade familiar.

\*No caso de nenos/as con necesidades educativas especiais NEE, informe de organismo competente no que se indique o grao de minusvalía así como a necesidade de integración.

**TERCEIRO:** Publicar a presente resolución na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios do PAI.

En Cariño, 12 de marzo de 2018

O Alcalde/Presidente

José Miguel Alonso Pumar

”

---

Para que conste, asino a presente certificación co visto e praxe do Alcalde/Presidente.

En Cariño, 13 de marzo de 2018

A Secretaria

O Alcalde-presidente

Alejandra Pardo Vázquez

José M. Alonso Pumar